

Vento do Sur

O gozo da cidade das palabras abandonadas

 MARGA ROMERO

A obra do dramaturgo Miguel Sande debe ter sido creada como texto literario, un texto que soña coa lectura, aínda que nalgúns casos fose xa representada. A obra do poeta Miguel Sande configúrase como un texto literario que obriga nas súas lecturas a crear, crear e revitalizar o propio texto, darlle unha vida nova, facer que alente na pronuncia de cada palabra. Miguel Sande é un dos escritores que recoñecemos cando lemos, un dos escritores que ten un estilo inconfundíbel, que poderíamos recoñecer se volvese escribir unha narración como *Cuba, doce e soturna* (1994). Espiral Maior rescátao como poeta e ofrécenos un poemario que nos invita ao xogo da creación. Precedido dun texto “Notas á Edición” da autoría de Pilar Pallarés, unha lectora que nos está dando datos e que tamén nos advirte que o libro que temos nas mans esixe un lector ou unha lectora nada convencional “que ten que saber em- prestar ouvido ao non di-



to, e recibir o apenas insinuado”. E así é. Por iso o gozo da lectura que nos converte en creadores e creadoras, buscadores e busca-

doras de palabras, xa que a palabra é o eixo que fai xirar todo o libro, para iniciar da man do poeta as tres grandes viaxes que nos ofrece, que se corresponden coas tres partes nas que se estrutura. “Hoxe, que vén o vento do Sur”, primeira parte, invítanos a unha viaxe interior, feita a dúas voces, ábrenos o espazo labiríntico: “A casa na que nunca se tivo un orgasmo está sempre baleira e fría. Habito nas xombras. (...)” e así fala a sombra dunha muller, que vive grazas ás palabras do mar e que nos abre a

súa soidade. A dor e a morte deste corpo de muller ao que lle morren as palabras dentro. Desta muller e as súas ruínas. Do outro lado do diálogo, algúen descobre o frío e “as súas pegadas polos corredores escuros das palabras mortas”. Viaxe a unha casa á que non se desexa regresar, destrución e descuberta de tantas palabras mortas e da soidade abismal, que remata co “mesmo sabor forte a sal”. Nesta viaxe saltamos as páxinas e nadamos no silencio. “Incendio” é un “Poema en ruína” que invita á reflexión poética, a estarmos presentes no propio proceso da creación. “Palabras para o lume só”. Poemas do deserto, obríganos a deseñar os debuxos do vento na area, el que é o creador do deserto, coa mesma soidade inmensa coa que Manuel Antonio nos creara o mar. Unha “cidade de palabras abandonadas” que é un gozo atopar, un gozo darlles alento en cada lectura.

SANDE, Miguel, Hoxe, que vén o vento do sur; Ed. Espiral Maior, A Coruña, 2006, 93 páxinas